

# O RELEVO

Chamámoslle **RELEVO** ás diferentes formas ou accidentes xeográficos que presenta a superficie da Terra.

Segundo os principais accidentes do relevo podemos clasificar:

a) **Paisaxe de interior:** son os que se afastan do mar. Á súa vez estes podemos clasificalos en:


- **Paisaxe de interior de montaña:** onde predominan as montañas. As principais formas do relevo son:
  - ✓ **As montañas** teñen 3 partes: cumio, ladeira e pé.
  - ✓ **A serra** é un conxunto de montañas.
  - ✓ **A cordilleira** é un conxunto de serras.
  - ✓ **Un val** é unha zona entre dúas montañas.
- **Paisaxe de interior de chaira:** son zonas onde non hai montañas. As principais formas do relevo son:
  - ✓ **A meseta** son planicies situadas a elevada altitude sobre o nivel do mar.
  - ✓ **A chaira** é unha superficie plana do terreo.
  - ✓ **Os outeiros** son elevacións do terreo de pouca altitude.



b) **Paisaxe de costa:** son os que están pegados á liña do mar.

As principais formas do relevo que atopamos na costa son:

- **Os cabos** son saíntes da terra ao mar.
- **Os golfos** son entrantes do mar na terra.
- **As penínsulas** son extensións da terra rodeadas de mar por todos as partes, agás por unha zona chamada **istmo**.
- **As illas** son extensións de terra rodeadas de auga por todas as partes. Un **arquipélago** é un conxunto de illas.
- **Os acantilados ou cantís** son costas rochosas verticais sobre o mar.
- **As praias** son zonas chas con area ao nivel do mar.




# O RELEVO DE ESPAÑA

## EL MAPA FÍSICO DE ESPAÑA

ANAYA



# O RELEVO EN GALICIA



Un **mineral** é como un “ladrillo” puro da natureza (cuarzo, mica, feldespato...). Unha **rocha** é un conxunto de moitos minerais xuntos.

Hai tres tipos grandes de rochas:

1. **Ígneas** → Nacen do fogo (magma que se enfría). Exemplos: **Granito** (moito en Galicia), basalto.

2. **Sedimentarias** → Feitas de area, lama e restos que se xuntan co tempo. Exemplos:

**Calcaria**, arenisca.

3. **Metamórficas** → Rochas que cambiaron por moita calor e presión. Exemplos: **Mármol**, **pizarra** (lousa).

## Tipos de rocas según su origen

